Galicia-Hoxe.com

CAMBIO

Incerteza na memoria

28.09.2009 **As asociacións que reivindican as vítimas do franquismo temen o parón que o goberno autonómico do PP lles pode dar ás iniciativas de investigación histórica e recuperación do bipartito**

FRANCISCO CORTEZ . SANTIAGO

Desde que 2006 fose declarado "*Ano da Memoria"* no Congreso dos Deputados, comezáronse a dar pasos nas institucións para recoñecer e apoiar unha realidade que viña de vello: o traballo silencioso e constante de persoas e organizacións de base para recuperar a memoria colectiva dos anos da II República, a guerra civil, o franquismo e a resistencia contra este. O goberno galego, daquela bipartito PSOE-BNG, non ficou alleo e desde a Consellería de Cultura e a de Xustiza se iniciou unha liña de colaboración con diversos organismos.

A finais de xullo daquel ano presentouse na Illa de San Simón, antigo cárcere franquista na ría de Vigo, o *Consello pola Memoria*, un órgano asesor da Consellería de Cultura e Deporte "para contribuir á recuperación da memoria histórica da represión da guerra civil e da ditadura franquista". Nese *Consello* integráronse representantes das vítimas, investigadores e asociacións locais de recuperación da memoria. Así xunto a Isaac Díaz Pardo ou Avelino Pousa Antelo polas vítimas, estiveron historiadores como Dionisio Pereira ou membros da CNT, a Asociación Amigos da República de Ourense, a Fundación Alexandre Bóveda, a Asociación Señor Afranio, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, a Comisión pola Verdade do 36 do Baixo Miño, a Asociación Memoria Histórica 28 de agosto e a Fundación 10 de marzo. O *Consello pola Memoria* tivo, na práctica, pouca capacidade e fondo de maniobra. Tamén se impulsou un proxecto interuniversitario dedicado á elaboración dunha base de datos de represaliados e á recollida de testemuños, para a consecución dun *Centro da Memoria* aberto ao público. O proxecto recibiu o nome de *As vítimas, os nomes, as voces e os lugares* e levou a cabo un labor cuxos resultados se atopan na páxina www.*nomesevoces.net*.

O regreso do Partido Popular ao goberno da Xunta trouxo consigo a incerteza de cal puidera ser a actitude dos conservadores ante a recuperación da memoria. O pasado día 25 o BNG presentou no Parlamento de Galicia unha proposición non de lei que contou co apoio do grupo socialista e a que se reclamaba proseguir coas accións do bipartito na materia. O PP negouse a apoiala ao considerar que tiña un transfondo "político" e o debate rematou nunha liorta sobre a condena ou non da ditadura franquista. A polémica veu sumarse ás declaracións recentes do deputado popular Carlos Negreira que cualificaba a Millán Astray, fundador da lexión e golpista contra a legalidade republicana, de "coruñés de pro", e non aceptaba a retirada da estatua que ten na cidade da Coruña.

Desde o proxecto As vítimas, os nomes, as voces e os lugares quitan dramatismo ao cambio de goberno, indicando que se segue a traballar con "normalidade", se ben admiten que antes "había máis relación" coa administración. Sen embargo, indican que existe un "interese social" pola recuperación da memoria e que o seu traballo se orienta agora máis cara a sociedade. Sobre a súa vella páxina web, pertencente á Xunta e hoxe pechada, afirman que "o dominio anterior vencía" e que se "redefiniu a web" dunha forma menos institucional.

Fernando Souto, da *Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña*, cuxo xerme vén dunha convocatoria aberta á sociedade en 2004, amósase máis pesimista. Asegura que "non temos comunicación nin convites con este goberno" e que en xeral "pode falarse dun retroceso". Contrasta co goberno anterior cando si houbo colaboracións coa Xunta, "creando base e abrindo camiño". Ademais, lamenta que "agora non temos nada" e que existe "un baleiro legal no tema das fosas",un "deserto xurídico". Mirando a outras partes do Estado, "en Andalucía a Junta actúa pola vía administrativa polo asunto da fosa de Lorca", mentres o goberno galego non se preocupa pola memoria histórica.

Por parte doutra das organizacións integrantes do *Consello pola Memoria*, a *Comisión Cidadá pola Verdade do 36*, da comarca do Baixo Miño, o seu portavoz Bieito Alonso denuncia que o Consello se atopa "no limbo", porque "ninguén o suprimiu, pero non se convoca", Isto é "unha forma de exclusión", conclúe. Alonso desvencella a andaina da súa asociación co goberno bipartito, xa que esta naceu en 1997, e ten "vontade de permanencia" máis alá da caída deste. Recoñece que "o cambio de política do goberno galego foi no seu día unha axuda", e que, se ben "non foi perfecto", o labor do executivo anterior ten "diferenzas notábeis" con este. Así, lamenta que "este goberno careza de política de memoria" e se posicione ao respecto "por pasivo, sen interese", tentando "negar o bipartito". Alén da incerteza sobre o que poida pasar, pensa que "o goberno galego deixou de implicarse como axente" e iso déixaos "sen respaldo institucional". A Xunta "ten o problema orzamentario, e desde a ideoloxía non ve na recuperación da memoria colectiva unha prioridade".

PARÁLISE

"Unha irresponsabilidade no compromiso coa historia"

O historiador Bernardo Maiz, autor de obras de investigación sobre a ditadura como *Galicia na II República e baixo o franquismo* ou *Resistencia, guerrilla e represión* denuncia a "parálise" que existe en Galicia no ámbito da memoria, que "quedou ben demostrada no Parlamento o outro día" -pola iniciativa do BNG sobre memoria histórica que foi rexeitada polo PP.

Explica que "algúns levamos varias décadas traballando polo coñecemento do pasado, a II República, o franquismo e a resistencia" e que eses esforzos tiveron finalmente un empurrón a partir do ano 2006 cando aumentou a investigación e o dispor a respecto das autoridades. Para Maiz, cando se analiza este período histórico, "non pode haber equidistancia" entre republicanos e franquistas, entre "aqueles que defenderon as liberdades democráticas e os que, pola contra, se sublevaron contra eles". Fernando Souto dá boa mostra disto cando explica como os sublevados trocaron o nome da Rúa Liberdade, en Monte Alto, polo que aínda conserva hoxe en día, o moi indicativo Rúa Disciplina.

Máiz sinala que "en certos aspectos, Galicia xa andou máis que outros lugares" na recuperación da memoria histórica e pon como exemplo o congreso sobre a guerrilla antifranquista galega que se desenvolveu hai varios meses.

En contraste co camiño andado até hai pouco, hoxe "creouse unha tensión artificial de certos sectores que non queren remexer no pasado" e "mandaron parar" o traballo que se viñera facendo. O historiador lamenta que o conselleiro de Cultura Roberto Varela xa afirmase no seu momento que"non se subvencionarán as escavacións". Para Maiz "isto é unha irresponsabilidade", remata, "ante o compromiso que todo gobernante debe ter, o compromiso co coñecemento do pasado e da propia historia do país".